

Día das letras galegas

*Eladio
Rodríguez González*



• O Día das Letras Galegas adícase esta ano á figura e á obra do ourensán Eladio Rodríguez González (1864-1949), poeta, lexicógrafo, xornalista e home comprometido activamente con Galicia dende tódolos eidos culturais •

Eladio Rodríguez e Celtiga: Unha carta de Xaime Quintanilla

Xosé María Dobarro

No mes de marzo de 1922 vía a luz en Ferrol Saudade. Novela original de Jaime Quintanilla, que facía o número 1 de Celtiga. Novela Mensual Ilustrada, colección que, a pesar do subtítulo, incluíría nos 13 números que chegou a editar obras teatrais e poéticas. A editorial tiña como director ao autor da obra inaugural e como xerente a Ramón Villar Ponte. Por unha carta —cremos que inédita— que Jaime Quintanilla, como director de “Celtiga Editorial (Ferrol)”, lle envía o “26 d’Outono de 1922” a Eladio Rodríguez podemos entender que, ademais das que solicitaban aos escritores amigos ou vinculados ao proxecto editorial, a colección Celtiga se surtía de obras que lle propuñan os propios autores, como é o caso do poeta do Ribeiro

Ao Sr. D. Eladio Rodríguez González
CRUÑA

Meu querido irmán: Ante todo un milleiro de gracias, pol’o seu servizo á “CÉLTIGA”. Os seus versos saíran no mes de Nadal ou Janeiro. Pode mandar o deseño do seu amigo, qu’irá á tres coores e terá de tamaño: 20 centímetros de outo por 18 de ancho. Prégolle que teña a bondade de me decir o nome d’ise rapaz, para poñelo na lista de colaboradores plásticos.

No respetive á escolma dos seus versos, nada podo decirlle pol-o d’agora, pois mais que nada infruira na dita escolma as necesidades materiaes de “formato” do número. Servir, sirven todos y-eu felicitoo agarimosamente por ista nova proba do seu valimento como poeta. É vosté dos que honran a Terra, y-eu hónrome moito en que “CÉLTIGA” poida publicar nas súas páxinas os fermosísimos versos de vostede.

Cómpreme que o deseño do seu amigo esté no meu poder o mais ajiña que poida ser: ao mais tardar para a primeira decena do mes que ven. Dempoís de corregidas por min as probas, terei moito gusto en llas remitir, para que vostede as vexa.

Reciba unha forte aperta do seu ademirador incondicional
DIREITOR
Jaime Quintanilla (Rubricado)

As previsións de Quintanilla cumpríranse e no mes de xaneiro de 1923, co número 9, tirábase do prelo Raza e Terra. Versos Galegos, de Eladio Rodríguez

González, Segretario da Real Academia Galega, publicación coa que, en facsímile, agasallan aos seus lectores El Ideal Gallego e o Diario de Ferrol.

Levaba portada de Núñez Carnicer e na contraportada interior

indicábase que se trataba de parte dos poemas que figuraban no libro Oraciós campesiñas : “Varias das composicións que figuran n’iste número forman parte do libro ‘Oraciós campesiñas’, que logo publicará o autor”. A selección das doce composicións que conforman o libríño —seis xa publicadas en xornais e as outras seis, como se indica, inéditas— debeuna facer o propio Quintanilla de entre un número moitísimo maior, mesmo sobre a totalidade das que

conformarían o citado libro Oraciós campesiñas, que segundo se di xa estaba preparado para se publicar e que só podería ver a luz en 1927 na

Imprenta e Litografía de Roel da Coruña.

A obra sería reseñada na revista Nós (16, 1-II-1923), sempre atenta ás novidades editoriais, salientando que se trataba de “poemas que están dentro da tradición dos Precursores”. Uns meses despois editárase, co número 13, Semprenoiva.

Novela Galega, por F. Cabo Pastor. Nela, segundo o acostumado, anunciábase como número 14 A trabe d’ouro e a trabe d’alquitrán, por Vicente Risco, ilustrada por Castelao, mais non chegaría editarse. Aparecería como número 10 de Lar. Revista Quincenal, o 4 de xullo de 1925, acompañando a O lobo da xente do propio profesor e escritor ourensán.

Finaba así, sen anunciar a morte, unha das primeiras experiencias de literatura de peto da nosa literatura.



Sempre coas
LETRAS GALEGAS

NÓS

Somos de palabra



Concello de Ferrol